



# PLAN DIXITAL

## IES Camilo José Cela

[Versión 1.0. Aprobado en Claustro e Consello Escolar o 14 de novembro de 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: **IES Camilo José Cela.**

Enderezo: *Rúa do Carme, nº 43. 15900 Padrón (A Coruña).*

Enderezo web: [www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela](http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela)

Correo electrónico: [ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.gal](mailto:ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.gal)

Etapas educativas: **ESO e BACHARELATO.**

Número de alumnos e alumnas matriculadas no curso 2021-2022: **231.**

Número de profesores e profesoras no curso 2021-2022: **31.**

Persoal non docente: **7.**

Estrutura: *Edificio de tres plantas construído en 1982.*

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15000 residentes no concello e nos límites de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de **alumnado** que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2023-2024, hai un número total de 244 matriculados/as: 113 homes e 118 mulleres.

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría, do CEIP Flavia (centro adscrito), aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato (aínda que tamén e cursos de ESO) é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Pontecesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía.

En canto ás **familias** do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: no 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes, en moitos casos, as persoas maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

Con respecto ao acceso ás tecnoloxías, hai que destacar que a maioría dos fogares dispoñen de dispositivos informáticos, en moitos casos de uso exclusivo para os/as estudantes. En cambio, a conectividade á Internet aínda deixa moito que desexar, dándose bastantes casos de malas conexións, conectividade lenta ou, mesmo, conectividade exclusivamente a través de datos móbiles.

O claustro do **profesorado** do centro está formado por 9 profesores e 21 profesoras. O 73% do profesorado ten destino definitivo no centro. A media de idade está ao redor dos 50 anos. Todo o profesorado ten boas condicións de acceso ás tecnoloxías e recibiu, en maior ou menor medida, formación nalgúns dos principais aspectos de uso das TIC.

O Plan Dixital é unha ferramenta destinada a integrarse no Proxecto Educativo do Centro e a contribuír a establecer unha estratexia dixital que desenvolva as competencias do alumnado e do profesorado. Dentro do PEC do centro, formará parte do documento 2 deste proxecto, onde se recollen os diferentes plans e proxectos que se desenvolven: o Proxecto Lingüístico, o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Acción Titorial, o Proxecto Lector e o Plan para a Promoción de Estilos de Vida Saudable.

En tanto que o Plan Dixital se integrará como un proxecto máis dentro do PEC, terá polo tanto unha concreción anual na Programación Xeral Anual do centro, que se realizará ao comezo de curso e se presentará á inspección educativa e será obxecto de valoración na Memoria anual que se realice ao final de cada curso.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

No mundo actual, a educación debe asumir o reto de formar a sociedade no dominio dos recursos dixitais e nos contornos virtuais de aprendizaxe. Isto recóllese no artigo 111 da *Lei*

*Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Neste mesmo artigo, no apartado 5, recóllese que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros deben promover o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) na aula "como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe".*

*Os Decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, que establecen, respectivamente, a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recollen nos seus artigos 37 e 35, dedicados á Educación Dixital, o mandato de que "Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa".*

*As Ordes do 26 de maio de 2023, polas que se desenvolven os decretos citados no parágrafo anterior, recollen nos seus artigos 18 e 21 a estrutura que debe posuír o Plan Dixital dos centros de Secundaria e Bacharelato.*

*Na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, establécense as medidas de actuación con respecto á elaboración do Plan Dixital no curso 2021-2022.*

#### 1.4. Proceso de elaboración

Segundo o disposto no apartado cuarto da *Resolución do 3 de setembro de 2021*, ao comezo do curso 2021-2022 configurouse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital do IES Camilo José Cela, segundo a estrutura suxerida no punto 2 do apartado anteriormente citado, e cos seguintes integrantes:

- María Lorena García Constenla (Profesora de Inglés, Coordinadora TIC do centro e coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital).
- Manuel González Alvarellos (Profesor de Lingua Galega e Literatura e Director do centro)
- Lois Gil Magariños (Profesor de filosofía e Vicedirector do centro)
- Natividad Paramá Ferreiro (Profesora de Lingua Galega e Literatura)

Este equipo reuniuse cunha periodicidade variable, nunca menor dunha vez ao mes. Nestas reunións fóronse planificando as sucesivas accións que ían rematar no deseño do Plan

Dixital, segundo o procedemento establecido no apartado terceiro da *Resolución do 3 de setembro de 2021*. Estas reunións de coordinación foron realizándose á vez que se ían marcando o prazos por parte da administración para a realización e entrega das diferentes accións: test SELFIE, test CDD, obxectivos do plan...

No proceso de elaboración do Plan Dixital tamén se mantiveron varios encontros coa persoa mentora asignada á nosa zona. O proceso de mentorización foi esencial para coordinar o equipo e aclarar as dúbidas que ían xurdindo.

Xa durante o curso 2022-2023, realizouse o seguimento do plan. Para isto, a administración creou a aplicación Educualidade, onde se integaron os plans dixitais de todos os centros. O documento trasladouse a esta aplicación e foi obxecto de seguimento nesta mesma ferramenta por parte da coordinadora do plan dixital, en colaboración coa persoa mentora asignada ao centro.

Na actualización do documento para o curso 2023-2024 seguíronse as indicacións achegadas pola nova persoa mentora do plan dixital no centro. O documento actualízase na propia aplicación cos novos obxectivos e accións.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### INFRAESTRUTURA

O IES Camilo José Cela conta cunha conexión de Radio Enlace *Escuelas Conectadas* de 500 Mbps. No presente curso houbo un cambio na empresa que presta estes servizos, coa intención de aumentar a velocidade a 600 Mbps.

Todas as aulas, excepto a aula de convivencia e a aula de atención a familias da planta baixa contan con conexión á rede a través de toma fixa de cable.

Existe **conexión wifi ED con 8 AP** que teñen alcance en todo o centro excepto no ximnasio.

Ademais, existen **4 AP Abalar** nas aulas equipadas coa dotación propia deste programa educativo.

#### EQUIPAMENTO

► No IES Camilo José Cela hai **27 aulas destinadas á docencia** e equipadas do seguinte xeito:

- **4 Aulas Abalar** con Proxector de distancia curta, EDI Smart, Ordenador portátil para o profesorado e carro con ultraportátiles para o alumnado (2 carros con 26 ultraportátiles, 1 carro con 25 e outro con 27).

- **8 Aulas con Kit Dixital** con Proxector de distancia curta, EDI Multiclass e Ordenador portátil para o profesorado.

- **1 Aula** con Proxector convencional, EDI Smart e Ordenador portátil para o profesorado.

- **1 Aula de Informática** con Proxector convencional, PC para o profesorado e 24 postos para o alumnado con PC Lenovo.

- **13 Aulas Convencionais** equipadas con Proxector convencional e PC para o profesorado.

- ▶ No IES Camilo José Cela hai **11 aulas departamento**, equipadas con proxector convencional e PC para o profesorado.

- ▶ No IES Camilo José Cela hai os seguintes equipamentos nas **dependencias que actúan como despachos**: 2 PC con monitor nas oficinas administrativas, 1 PC con monitor na Secretaría, 1 portátil con monitor auxiliar no despacho de dirección, 1 PC con monitor e impresora no Despacho de Orientación e 2 PC con monitor e 1 impresora no despacho de Xefatura de Estudos. Os equipamentos das oficinas administrativas, de secretaría, dirección e xefatura de estudos son "postos dixitais" instalados pola administración no curso 2022-2023

- ▶ Na **Biblioteca** do IES Camilo José Cela hai 1 PC con proxector convencional para uso do profesorado e 4 PC con monitor para uso do alumnado.

- ▶ No **Salón de Actos** hai un proxector convencional e un ordenador portátil.

- ▶ Na **Sala do Profesorado** hai tres ordenadores de sobremesa para o traballo do profesorado neste espazo.

- ▶ No **Laboratorio de ciencias** do IES hai un proxector convencional e un ordenador portátil.

- ▶ Como dotación para o traballo do alumnado con problemas de conectividade, dispónse no arquivo-almacén de **16 ordenadores portátiles** con kit de conectividade.

## SERVIZOS DIXITAIS

Os principais servizos dixitais educativos son os seguintes:

- **Páxina Web do centro.** Mantemento e actualización a cargo da dirección e a coordinación TIC.
- **Aula Virtual.** Xestión e mantemento de contrasinais a cargo da dirección a coordinación TIC.
- **Espazo Abalar.** Espazo persoal xestionado por cada docente.
- **Abalar Móbil.** Servizo para as familias, do que se proporciona información de uso a través da web e das NOFC do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE.** Instrumento usado polos centros dentro da estratexia de elaboración do Plan Dixital. O emprego deste instrumento está recollido no apartado Terceiro da *Resolución do 3 de setembro de 2021* e a realización deste test tivo lugar nos meses de novembro e decembro de 2021. Ofrece no IES Camilo José Cela os seguintes resultados destacados por áreas:

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,1	2,9		
	Profesorado		3,5	3,4		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,4	3		
	Profesorado		3,1	3,1		
	Alumnado		2,6	2,4		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,4	3,8		
	Profesorado		3,6	3,6		
	Alumnado		3	2,5		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4	4,2		
	Profesorado		4,1	3,8		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoios e Recursos	Equipo Direct.		3,8	3,9		
	Profesorado		3,9	3,8		
	Alumnado		3,7	3,8		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,1	3,4		
	Profesorado		3,3	3,2		
	Alumnado		2,8	2,6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,9	2,9		
	Profesorado		2,6	2,5		
	Alumnado		2,3	2,2		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,4	3,4		
	Profesorado		3,4	3,4		
	Alumnado		2,9	2,7		



▪ **Test CDD.** Test para medir a competencia dixital docente, recollido como instrumento para a elaboración do plan no apartado Terceiro da *Resolución do 3 de setembro de 2021*. Realizouse no mes de febreiro de 2022 e ofrece os seguintes resultados destacados:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	19	22	86,4%
<b>PROVISIONAL</b>	2	3	66,7%
<b>INTERINO</b>	6	6	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%
<b>DESPRAZADO</b>			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	86,2	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	80,6	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	7	24,1%
<b>B1</b>	11	37,9%
<b>B2</b>	9	31%
<b>C1</b>	2	6,9%
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	29	99,90%

## 2.3. Análise DAFO

No proceso de elaboración do Plan Dixital realizouse a Análise DAFO do centro en base á análise dos instrumentos empregados (Enquisa SELFIE e Test CDD). Esta análise realizouse en marzo e abril de 2022 e determinou os seguintes resultados:

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Os sistemas de protección de datos existen e aprécianse como válidos, especialmente en Bacharelato. Bo acceso á Internet.	Escasa asistencia técnica para solucionar problemas dixitais.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	O persoal docente conta co apoio do equipo directivo á hora de probar, formarse pedagoxicamente e de ter acceso a recursos didácticos dixitais. Nivel importante de uso das tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa. Existe facilidade de acceso ao ensino e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. O profesorado recorre habitualmente á procura de recursos educativos en liña. No centro utilízanse tecnoloxías dixitais para colaborar con outras institucións.	Baixo nivel de fomento de proxectos interdisciplinares usando as tecnoloxías. Baixo nivel de uso das tecnoloxías dixitais para a adaptación do ensino ás necesidades do alumnado e para o fomento da creatividade. Na maior parte dos casos non se empregan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. Non se debate o suficiente sobre as vantaxes e desvantaxes do uso das tecnoloxías dixitais. Non se empregan tecnoloxías dixitais para facilitar unha retroalimentación axeitada ao alumnado. En xeral, non se empregan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. Non existen estratexias para facilitar a participación do alumnado en procesos de avaliación entre iguais.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	O alumnado usa contornos virtuais para a aprendizaxe. O alumnado aprende a utilizar de forma segura as tecnoloxías dixitais. O alumnado asume algunhas estratexias de comportamento responsable nas redes. O alumnado do centro usa de xeito responsable internet, contribuíndo a unha contorna máis segura.	Necesidade de tabletas e dispositivos dixitais para o alumnado. Necesidade de estratexias para a creación de contidos dixitais. Necesidade de dotación de estratexias para aprender a comunicarse dixitalmente. Falta de conciencia e recoñecemento do traballo dos membros da comunidade educativa.
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>	O equipo directivo informa e ofrece ao profesorado a posibilidade de formación en relación ás tecnoloxías dixitais.	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	O equipo directivo apoia o profesorado para que exploren novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	Non hai definida unha estratexia dixital específica. O profesorado non dispón de tempo suficiente para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. Non se avalía o progreso en materia de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		Equipamento informático obsoleto e mala dotación na única aula de informática do centro. Infraestrutura da rede e cableado da aula de informática obsoleto.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Falta de coñecemento sobre os dereitos de autor e licenzas de uso na realización das actividades de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	<b>CONTORNA</b>	Posibilidade de colaboración con persoas, entidades e institucións da contorna.	
	<b>ANPA</b>	Estudo para a constitución dunha ANPA o vindeiro curso.	

	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

Como resultado do procedemento de análise realizado nas fases previas de redacción do presente plan, estableceuse un plan de acción tendo en conta os recursos dispoñibles e os obxectivos que se pretenden alcanzar.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para o establecemento dos obxectivos que debían figurar no Plan Dixital do IES Camilo José Cela partiuse da análise DAFO realizada con anterioridade. En concreto, partiuse especialmente do apartado de *Debilidades*, para converter estas en obxectivos alcanzables a través dunhas accións que debían ser valoradas con indicadores medibles e cuantificables. Tamén se tivo en conta o apartado de *Ameazas* dentro dos factores externos.

Para determinar estas Debilidades e Ameazas analizouse previamente o informe SELFIE nos seus distintos apartados e nas diferentes etapas educativas. Nesta análise identificáronse puntos débiles e fortes en función da valoración que lle outorgaron os distintos colectivos do centro. Deste xeito, ao clasificar as puntuacións máis baixas como debilidades ou ameazas (dependendo do punto de vista interno ou externo respectivamente).

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para o cumprimento dos obxectivos e accións que se van expoñer no marco deste Plan Dixital, son imprescindibles unhas **necesidades de equipamento** que se van indicar a continuación, tendo en conta que as detallamos por orde de prioridade e que son absolutamente imprescindibles para que se cumpran os obxectivos propostos para o vindeiro curso:

- **Dotación dun EDI para a aula de informática do centro.** Esta necesidade relaciónase directamente co Obxectivo 1. O obxectivo prioritario do plan está dirixido á posta ao día da *única aula de informática do centro*, que nin sequera posúe un EDI. AMTEGA xa enviou un proxector convencional, pero precíase o EDI.

- **Dotación de equipos de PC con monitor para crear unha nova aula de informática no centro.** Unha vez cumprido o *Obxectivo 1* do curso pasado, coa remodelación total da aula de informática, apreciamos que non é suficiente unha aula destas características no centro e precisaríamos dotación para outra aula máis.

- **Ordenadores portátiles para o profesorado.** Os ordenadores portátiles das aulas dixitais e das aulas abalar teñen unha antigüidade aproximada duns 10 anos. O seu rendemento é xa moi deficiente e precisan dunha renovación, que non se produciu nesta década.

Consideramos necesarios ademais estes equipos para o cumprimento dos obxectivos 2 e 3 de cara ao traballo do profesorado con ferramentas dixitais.

- **Equipos de PC con monitor para as aulas, Departamento de Orientación, Departamentos didácticos e despachos de administración.** Os equipos ordinarios de aula, departamentos e despachos son PC de gran antigüidade e lentitude, moitos deles equipos reacondicionados. Non temos dotación de equipos de PC no centro desde hai máis de 10 anos e precísanse para os labores administrativos e tamén para os pedagóxicos, especialmente os vinculados aos obxectivos 2 e 3.

- **Encerados dixitais para as aulas.** Necesidade de encerados dixitais para as aulas: máis da metade das aulas do centro non teñen EDI e aínda están equipadas con encerados convencionais de xiz. Ademais, os EDI existentes xa teñen unha antigüidade de case dez anos e dan bastantes problemas, polo que mesmo habería que substituílos por outros máis actualizados.

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e Recursos (E)							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Promover o programa Polos Creativos para fomentar a participación de alumnado e profesorado en actividades que amplíen as súas competencias clave .				Acadado		
<b>Responsable:</b>	Dirección.				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	100% de familias e docentes informados deste programa.						
<b>Valor de partida:</b>	Non implementación deste programa no centro.						
<b>Valor previsto e data:</b>	Implementación dos polos creativos no centro.			Febreiro de 2024			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Informar en claustro do programa Polos Creativos e as súas posibilidades.	Dirección e Coordinadora TIC.	1ª semana de setembro de 2023.	Asistencia do profesorado.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Enviar correos electrónicos a todo o claustro para informar periodicamente das novidades, formación, propostas didácticas...	Dirección.	Novembro de 2023.	Ordenador e conexión a Internet.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Organizar formación en relación aos Polos Creativos (ver obxectivo 2).	Dirección.	2ª quincena de setembro de 2022.	Ordenador e conexión a Internet.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.4: Informar ás familias e ao alumnado da existencia deste programa e as posibilidades que se abren coa súa implantación no...	Dirección.	2ª quincena de setembro de 2022.	Ordenador e conexión a Internet.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
						Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Formar ao profesorado mediante un PFPP relacionado co programa Polos Creativos.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección e Coordinadora TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de docentes que empregan o material dos Polos Creativos					
<b>Valor de partida:</b>	0%					
<b>Valor previsto e data:</b>	10%			Xuño 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitud de colaboración ao profesorado no primeiro claustro.	Dirección.	1ª quincena de setembro.	Asistencia do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitud de formación ao CAFI.	Dirección, profesorado coordinador.	1º Trimestre (segundo a temporización das convocatorias).	Ordenador e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Formación en uso de tecnoloxías relacionadas cos Polos Creativos través do PFPP.	Dirección e persoa coordinadora do PFPP.	2º e 3º Trimestre.	Ordenadores e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Implementación da formación coa creación dalgunha proposta didáctica ou pequeno proxecto a través dos Polos Creativos.	Profesorado implicado.	3º Trimestre.	Ordenadores e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Fomentar a comunicación coas familias mediante ferramentas institucionais: Abalar.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección e Coordinadora TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de familias que usan a aplicación Abalar Móbil					
<b>Valor de partida:</b>	50%					
<b>Valor previsto e data:</b>	80%			Xuño 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Redacción dun escrito informativo para as familias que o profesorado titor entregará ao seu alumnado, que o devolverá asinado.	Dirección e coordinadora TIC.	Mes de novembro.	Equipo informático, papel e impresoras		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Recollida do escrito asinado polas familias.	Dirección, profesorado coordinador.	1º Trimestre.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Comprobación do aumento no uso da plataforma Abalar por parte das familias.	Dirección e persoa coordinadora do PFPF.	2º e 3º Trimestre.	Ordenadores e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo



Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Elaborar un protocolo de actuación ante avarías básicas que poden ser resoltas polos propios docentes, poñelo en coñecemento destes e facer un seguimento.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Dirección e Coordinadora TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de profesorado que emprega o protocolo de avarías básicas.					
<b>Valor de partida:</b>	0% de profesorado que emprega o protocolo.					
<b>Valor previsto e data:</b>	50% de profesorado que emprega o protocolo.			Xuño 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO4.1: Creación dun protocolo onde se incluíra un listado de avarías básicas e o procedemento para resolver cada unha delas.	Coordinadora TIC.	Xaneiro de 2024.	Ordenador e programas de edición de textos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Envío ao profesorado deste protocolo a través do correo electrónico e colocación do mesmo en cada unha das aulas.	Dirección e Coordinadora TIC.	Marzo de 2024.	Correo electrónico. Material gráfico e visual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Seguimento do funcionamento do protocolo.	Dirección, profesorado e Coordinadora TIC.	3º Trimestre do curso 2023-2024.	Consultas do protocolo e suxestións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

A consecución dos obxectivos do Plan Dixital do IES Camilo José Cela será avaliada do seguinte xeito:

- **Avaliación procesual.** Realizarase cada trimestre. Esta avaliación realizarase a través da reunión trimestral do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, que examinará o proceso de cumprimento e a temporalización das diferentes accións previstas. Desta reunión levantarase acta que dea conta do estado de execución das accións e, se procede, dos procesos de mellora que se poidan introducir.

- **Avaliación final.** Realizarase unha vez ao ano, ao final de cada curso. Empregaranse os seguintes instrumentos:

- Reunión final do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.
- Informe da dirección no claustro do profesorado.
- Memoria final do centro, en que se dará conta do grao de cumprimento dos diferentes plans e proxectos e que servirá de base para a Programación Xeral Anual do vindeiro curso.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital do IES Camilo José Cela comezará a súa difusión unha vez sexa aprobado polo Consello escolar do centro e polo claustro, no primeiro trimestre dentro do prazo de envío da concreción dos proxectos coa Programación Xeral Anual (antes do 15 de novembro).

Con posterioridade á súa aprobación e presentación, o Plan será difundido a través da páxina web do centro, no apartado de normas e documentos: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela/>